

Comisión de Formación e Desenvolvemento Profesional

Nesta entrada presentase a *Comisión de Formación e Desenvolvemento Profesional* do CiTIUS, que conta coas seguintes funcións:

- **Planificar a actividade formativa** do CiTIUS, incluíndo a actualización bienal do seu Plan de Formación.
- **Asesorar** ao persoal investigador predoutoral do CiTIUS no desenvolvemento da súa carreira formativa e/ou profesional.

Composición

Representantes do personal vinculado ao CiTIUS:

- [Diego Cabello Ferrer](#) (Coordinador)
- [María José Carreira Nouche](#)
- [Francisco Fernández Rivera](#)

Representantes do persoal investigador predoutoral:

- [Andrea Cascallar Fuentes](#)
- [David Chapela de la Campa](#)
- [Victor Gallego Fontenla](#)

Representantes da Unidade de Xestión do Coñecemento e Transferencia:

- [Diego Coughil](#)
- [Raluca Silvani](#)
- [Félix Díaz](#)

Servizos

A Comisión de Formación desenvolverá os seus servizos principalmente **baixo demanda do personal investigador predoutoral** (xa sexa de forma individual ou colectiva).

De forma complementaria, realizarase unha **reunión semestral** co coordinador da Comisión e os/as representantes da Unidade de Xestión do Coñecemento e Transferencia, co obxectivo de que o **persoal investigador predoutoral poida dar a súa opinión e suxerir cambios ou melloras**.

A modo de exemplo, presentanse algúns dos servizos ofertados pola comisión:

Actividades formativas

- **Proporcionar *feedback*** sobre algunha das actividades formativas realizadas.
- **Proponer actividades formativas**, dende temáticas xerais ata charlas específicas.

Carreira profesional

- Dudas sobre o **desenvolvemento da tese e da carreira investigadora**: como por exemplo prazos ou requisitos.
- **Información e asesoramento** sobre:
 - **Axudas e convocatorias** (Xunta, FPU, FPI, etc): méritos que se teñen en conta, cando se publican as convocatorias, etc.
 - **Saídas profesionais**: que opcións hai unha vez presentada a tese, axuda para contactar con determinados centros, etc.
 - **Procesos de acreditación** en diferentes organismos (ANECA, ACSUG, etc): que acreditacións existen e para que serven, cando é mellor pedilas, etc.
- *[futuro]* Establecer **conexións con egresados/as** que se encontren noutros centros para preguntarlles dudas sobre o camino que seguiron.
- *[futuro]* Solicitar asesoramento na xestión e desenvolvemento de **estancias en empresas**: existe a posibilidade de realizar estancias en empresas en lugar de centros de investigación.
- *[futuro]* Pedir unha **carta de apoio/recomendación** por parte do CiTIUS de cara a presentar solicitudes noutros centros.

Divulgación e difusión

- **Participar en actividades de divulgación e difusión**, xa sexan organizadas polo CiTIUS ou pola USC, como charlas en centros de secundaria ou visitas de centros educativos ao CiTIUS.
- **Proponer e/ou organizar actividades de divulgación e difusión**.

Contacto

Pódese contactar a través de [dirección de correo](#), xa sexa para realizar suxerencias sobre a organización de actividades formativas ou calquera outra consulta relacionada col desenvolvemento da actividade formativa no CiTIUS.

Para asuntos xerais tamén se pode contactar persoalmente co seguinte persoal da Unidade de Xestión do Coñecemento e Transferencia:

- [Raluca Silvani](#)
- [Diego Cougil](#)
- [Félix Díaz](#)

From:
<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:
<https://wiki.citius.usc.es/centro:comision-formacion:start>

Last update: **2021/09/16 16:01**

